

# NOVO PACTO DE SELECCIÓN TEMPORAL LISTAS DE LICENCIADOS/AS SANITARIOS/AS DE ATENCIÓN HOSPITALARIA RÉXIME TRANSITORIO

Unha vez entre en vigor o Novo Pacto de Contratacións, **durante os 2 meses seguintes, habilitarase un réxime transitorio** para que os/as aspirantes poidan modificar a súa inscrición e indicar **unha única área sanitaria** na que prestar os servizos.

**É fundamental que se realice esta modificación na inscrición editable en FIDES**, polo que debes estar atentos aos prazos.

**Se non se selecciona ningunha área sanitaria**, poden darse varias situacións:

- Se os distritos preferentes que tiñas marcados eran dunha **única área sanitaria**: aparecerás inscrito nesa área sanitaria.
- Se os distritos preferentes marcados eran de **distintas áreas sanitarias**:
  - Aparecerás inscrito na área sanitaria na que tiñas marcado un **distrito considerado de difícil cobertura** (os de hospitais comarcais).
  - Se tiñas marcados **varios distritos de hospitais comarcais**, asignarase a área sanitaria de forma aleatoria.
  - Se tiñas marcados varios distritos **que non sexan de difícil cobertura**, tamén se asignará a área sanitaria de forma aleatoria.

Para máis información, acode á túa sección sindical de CCOD

27 de abril do 2026